

# VENTE VINDO E VEN CANTANDO



# VENTE VINDO E VEN CANTANDO

exposición fotografías de M. d'Outeiro

do 15 ao 28 de febreiro

FÓRUM METROPOLITANO

rúa Río de Monelos nº1



“Has de cantar,  
meniña gaiteira,  
has de cantar,  
que morro de pena.

Canta, meniña,  
con brando compás,  
dareiche unha proia  
de pedra do lar.

Papiñas con leite  
tamén che darei;  
sopiñas con viño,  
torrexas con mel.

Patacas asadas  
con sal e vinagre,  
que saben a noces,  
que ricas que saben!

Que feira, rapaza,  
si cantas faremos...!  
Festiña por fóra,  
festiña por dentro.




*Rosalía de Castro*

A ASOCIACIÓN VECIÑAL OZA GAITEIRA OS  
CASTROS mais AGRUPACIÓN CULTURAL  
ALEXANDRE BÓVEDA presentamos esta exposi-  
ción dentro dos actos cos que este ano imos cele-  
brar o Día das Letras Galegas dedicado as  
“CANTAREIRAS”

*A tradición oral de noso dotou dos alicerces nos que  
sustentar o edificio, a casa común do noso idioma: a  
sabedoría desde a que nos ollar a nós propios con  
dignidade para contar o relato de noso mesmo para  
nos coñecer, para recoñecermonos.*

*A oralidade, as nosas músicas, o canto, din e dirán  
como os galegos e as galegas establecemos a rela-  
ción con outras culturas, ás que alimentamos e das  
que nos alimentamos, desde a mirada singular coa  
que ollamos o mundo.*

*As tradicións que viven na oralidade cantan o que é  
eterno e o que é efémero e por iso permanece.*



*Cesáreo Sánchez Iglesias*